

ENTREVISTA A UN SUPERVIVENTE DA “MOVIDA MADRILEÑA”

1. Define á xuventude madrileña da época:

Despois da morte de Franco, comeza a abrirse esa porta da liberdade que nunca estivera aberta, con isto comeza o interese por todo. Había unha gran diversidade en canto ao estilo da xente que, segundo el, saía en “pandilla”, denominábanse “tribos urbanas”, había moitos tipos, entre eles: os “rockers” que eran un estilo como os protagonistas da película Grease. Os da “new wave”, eran os innovadores da época, moi parecidos aos compoñentes do grupo musical Durán, durán. Os “punkys” os “heavys”, e...agora mesmo non lembro máis, estes eran os máis comúns.

2. ¿Esa xuventude tiña algo especial que non teña a de agora?

Esa xuventude reaccionou en busca da súa liberdade e das súas canles de expresión despois de moitos anos de imposición. Era-
mos novos e estabamos reple-
provocadora que sempre nos dá
a ausencia de prexuízos, non
nada que perder nin que gañar,
cidade, por fin, aberta ao
onde quedaban moitas
facer. A xente de agora xa
quere e non valora esa
outra cousa, eles están pe-
e non fan nada por buscar

tos desa ousadía
a falta de
idade
ñamos
e unha
cambio
cousas por
ten todo o que
liberdade, nin ningunha
chados nun ámbito consumista
cousas novas.

3. ¿A movida foi tal e como se fala na actualidade dela?

Si, penso que si, é algo
bastante, aínda que penso que
saberían lembrala como é debi-
do dos anos 60-70 en San Fran-
hippies, que aínda que se
que non o vivimos non podemos

moi próximo, así que recórdase
os que non a viviron non
do, un claro exemplo disto é
cisco, o nacemento dos
recorden e se fale deles, os
falar diso tal e como foi.

4. ¿Que música se escoitaba pola rúa?

Como agora, había
moderno, pero os grupos e ar-
Dentro do heavy e do
Barón Rojo, Burning, Leño, Eric

moitos tipos de música desde Elvis ata o máis
tistas que máis éxito tiñan eran:
rock, estaban: Led Zeppelin, AC / DC, Iron Maiden,
Clapton, Emmerson...

Entre o pop, había maioritariamente nacionais: Mecano, Radio Futura, Loquillo y los Trogloditas, Gabinete Caligari, Alaska y los Pegamoides, Ramoncín el rey del pollo frito...A maioría da música era de importación, tamén a había española, pero creada por influencia da estranxeira.

5. ¿Consideras estes anos algo que se debe lembrar ou polo contrario como algo pasaxeiro sen a máis mínima importancia?

Os que estivemos alí para vivila claro que a debemos lembrar, foi a nosa xuventude, pero os demais aínda que a queiran recordar, será diferente. Non é o mesmo vivilo que escoitalo. Algo como a movida habería que vivilo para poder falar de como foi realmente.

6. Dime en poucas palabras unha definición da movida:

Irrepetible para aqueles que a vivimos. Tras a saída da ditadura, comezamos a coñecer cousas que xamais imaxinamos que puidesen chegar a existir no Madrid dos 80.

Unha época innovadora e, sobre todo, experimental.

Verónica Mouriño Sesto. B1B.

